

Participa na Consulta Pública do reto 7 de novas terapias celulares avanzadas de PRECISAÚDE

O Servicio Galego de Saúde (SERGAS), a través da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), impulsan un novo Plan de innovación sanitaria, PRECISAÚDE, que aspira a mobilizar ó redor de 20 millóns de euros cofinanciados con fondos FEDER do POPE 21-27, a través da liña de axudas FID do Ministerio de Ciencia e Innovación e Universidades.

No marco do seu reto de terapias avanzadas, despois de realizala Consulta Preliminar ó Mercado e logralo financiamento necesario para levar a cabo o reto, conta cun presuposto estimado de 4,18 millóns de euros ata o 31 de decembro do 2029 a executar mediante a modalidade de Compra Pública Precomercial (CPP).

O obxectivo desta Consulta Pública é obter información máis actualizada das solucións innovadoras no ámbito das terapias celulares avanzadas que aínda non estean no mercado. Isto permitirá o SERGAS definir os requisitos e a estratexia de contratación pública de innovación e deseñar así a futura licitación de Compra Pública Precomercial do Reto 7 do plan PRECISAÚDE.

Como participar?

Os axentes interesados en participar na consulta pública deberán cubrir o **formulario online** accesible na URL <https://precisaude.sergas.gal/cartafol/ConsultaTerapiasAvanzadas> antes do **1 de agosto do 2026**.

O formulario recolle información relativa ós datos do axente, o tipo de tecnoloxía da solución e a súa fase de desenvolvemento, o interese do axente en colaborar co SERGAS e protección de datos. Está aberto a tódalas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, con interese en participar e aportar ideas no ámbito das terapias celulares avanzadas.


O Servicio Galego de Saúde poderá contactar cos participantes para a obtención de información ou para a aclaración de dúbidas.

Para presentar o proxecto e o instrumento de compra ós axentes potencialmente interesados en participar na consulta pública, o 29 de xuño realizouse un **webinar**. Pódese consultar a gravación completa no seguinte enlace: [PRECIASAUDE Compra Pública Precomercial de Terapias Celulares Avanzadas](#)

Consulta pública reto terapias celulares avanzadas do plan de innovación PRECISAÚDE (data límite 1 agosto 2026) 



Contidos relacionados

Consulta pública reto terapias celulares avanzadas do plan de innovación PRECISAÚDE (data límite 1 agosto 2026) 

Este luns celebrouse o webinar da consulta pública para a definición de requisitos e estratexia de contratación pública de innovación do reto de novas terapias avanzadas do proxecto PRECISAÚDE

Solucións innovadoras de terapias avanzadas